

AS INSTITUCIÓNS XURÍDICAS NA NARRATIVA DE ÁLVARO CUNQUEIRO

Luís Rodríguez Ennes

Universidade de Vigo

Luísa Blanco Rodríguez

Universidade de Vigo

doi:10.17075/mucnoc.2014.057



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Cunqueiro foi un revelador de invencións e de certas intuicións. O seu poder verbal era certamente singular, comprendendo dende a lingua cotiá —que el adornaba co supremo aliciente da beleza literaria— até o vocabulario pertencente aos recantos máis particulares e especializados: botánica, zooloxía, culinaria, toponimia, medicina, farmacia... Campos estes analizados pola crítica nos centenaes de traballos que foron publicados co motivo de que se lle adicase en 1991 o Día das Letras Galegas. Pero curiosamente, a pesar de que ninguén como el soubo poñer de manifesto a vida milenaria do seu país tal como era, ningún estudoso da súa obra adicou unha liña á presenza dos saberes xurídicos no pensamento de Cunqueiro, a sabendas de que o dereito constitúe un dos aspectos máis cabais do espírito dun pobo.

Imos intentar, pois, acometer a análise da obra narrativa do gran escritor mindoniense partindo dunha perspectiva singular e, por iso, orixinal: pretendemos efectuar un exame en profundidade da bibliografía de Cunqueiro que vai poñer de manifesto un campo totalmente inédito da súa obra e, non por iso, menos sobresaínte que os tan prolixamente tratados polos analistas. Referímonos á constante presenza das institucións histórico-xurídicas nos milleiros de páxinas que saíron da súa próspera pluma. Somos conscientes de que Álvaro Cunqueiro non foi un tratadista metódico, un especialista cunha paisaxe pechada, senón máis ben un escritor xenial que atinxía con extraordinaria lucidez un amplo abano dos saberes humanos —entre eles o dereito— onde, como noutras facetas, demostra posuír un acervo e unha intuición envexables provenientes do seu fondo coñecemento do sentido xurídico que aniña en todo galego.

Non hai dúbida de que o dereito, como técnica de realización da xustiza, se converteu dende hai tempo nunha arte moi esotérica, que se foi complicando até o punto de que un afastamento do común das xentes é paradigmático: a xustiza deveu en algo dificilmente comprensible, que só pode ser captada e prevista por unha caste de iniciados. Por iso é preciso abrir as portas e ventás do noso santuario e deixar entrar a xente sinxela. É chegada a hora de que saíamos escoitar a lingua

clara que se fala nos camiños e nas vilas, e para iso nada mellor que ser conducidos por Álvaro Cunqueiro.

O mindoniense preséntanos un amplo elenco de leis da antigüidade romana, rigorosamente históricas, co seu nome completo latino e, sobre todo, cunha precisión dos seus respectivos supostos fácticos nas antípodas da fabulación que exorna moitas das situacións nacidas froito do inesgotable maxín do egrexio mindonien- se. En verdade que un romanista profesional —con corenta anos de experiencia docente e investigadora— cal é o coautor destas liñas, non deixa de asombrarse pola erudición curialesca dun escritor teoricamente profano na materia. Vexamos unha serie de exemplos concretos:

1. LEX PLAETORIA DE CIRCUMSCRIPTIONE ADULESCENTIUM

Gustáralle para paxe de recados, asegún decía [...] O zoqueiro non me quería vender pro ensí que veu os catro luíses de ouro na palma daquel rico señor de Le Mans, póxose axiña co trato e largóume con recibo —si chego eu a estar alí— cortou o escribano, argallabamoslle un interdicto coa *Lex Plaetoria de Circumscriptione Adulescentium*¹.

Esta norma vén citada nalgúns textos como *Lex Laetoria*. Trátase dun plebis- cito verosimilmente proposto por un tribuno da plebe chamado *Plaetorius*, así é denominada *Plaetoria* na *Tabula Heracleensis*, aínda que aparece co nome de *Laetoria* en dous papiros berlineses. Promulgada entre os anos 190-180 a. C., a data foi determinada por Costa². Fan referencia a dita lei Plaut., *Pseudol.* 1, 3, 69, 70 e Cic., de *off.* III, 15, 61³. Prohibiu aproveitarse da inexperiencia dun menor de vinte e cinco anos (*adulescens*) co que se entraba en negocios para extraer vantaxe. Desta lei nacía unha *actio legis Plaetoria* —o *Laetoria*— de carácter penal e infa- mante contra quen, negociando cun menor de vinte e cinco anos, o enganase por causa da súa inexperiencia. A acción era popular. A finais da República, o pretor,

1 Á. Cunqueiro: *As Crónicas do Sochantre* (Vigo, 1985), p. 81.

2 E. Costa: «La data Della Lex Plaetoria», en BIDR 11 (1989), p. 72 e ss.

3 Cfr. G. Rotondi: *Leges Publicae Populi Romani* (Milan, 1912), s.v. «*Lex Plaetoria*», pp. 271-272. S. Disalvo: «Lex Laetoria Minore di età e crise sociale tra il III e il II sec. A.C.», PUCAM 19 (1979), A. Wacke: «Zum Rechtsschutz Minderjähriger gegen geschäftliche übervorteilungen», TR 48 (1980), p. 203 ss.

no caso de que o acredor demandase ao menor a execución do negocio danoso para os intereses do segundo, concedía protección a este mediante a *exceptio legis Plaetoria* (Paul. D. 44, 1, 7, 1), e se o negocio xa se realizara mediante a *retitutio in integrum propter aetatem* (Ulp. D. 4, 4, 1, 1)⁴.

2. LEX IUNIA DE PEREGRINIS

Fun preso, e porque me deron domiciliado co meu amo en Le Mans, pasáronse certificado á xusticia de París. Ahí —dixo o escribano— tamén podería recurrir coa *Lex Iunia de Peregrinis*⁵.

Trátase dun plebiscito rogado polo tribuno M. Iunius Pennus no 126 a. C., regulamentando nun senso restritivo as relacións entre os habitantes itálicos e Roma, limitando as concesións de cidadanía e sancionando aos peregrinos que usurpaban a cidadanía romana coa expulsión da *Urbs* (Cic., de *off.* III, 11, 47)⁶. A esta lei vai quizais referido o proceso do pai de M. Perpenna —el 130 a. C.⁷. Desta pasaxe, algúns infiren que debe lerse Fannius en lugar de *Pennius* e, como consecuencia, argumentan unha *Lex Fannia de Peregrinis*⁸.

3. LEX CINICIA DE DONIS ET MUNERIBUS

E hai que porlle a moeda na boca. Os difuntos non dan esmola —contestou o escribano de Dorne—. Atéstase coa lei romana *Lex Cincia de Donis et Muneribus*⁹.

Plebiscito do tribuno M. Cincius Alimentus¹⁰, denominado tamén *Lex muneralis*, era unha *lex imperfecta*, é dicir, tiña carácter prohibitorio, pero non fixaba

4 A. Torrent: *Diccionario de Derecho Romano* (Madrid, 2005), p. 619, s.v. «*Lex Plaetoria*».

5 Á. Cunqueiro: *As Crónicas*, cit., p. 85.

6 F. Gutiérrez Alviz: *Diccionario de Derecho Romano* (Madrid, 1976), p. 403, h. v.

7 Cic., de *off.* III, 11, 47; *Brut.*, 28, 108; Festus, s.v. *respublica*, p. 283 M.

8 G. Rotondi: *Leges Publicae*, cit., s.v. *Lex Iunia de Peregrinis*, p. 304.

9 Á. Cunqueiro: *As Crónicas*, cit., p. 99.

10 A. Busi: «La donazione nel suo svolgimento storico», en *Cristianesimo e Diritto Romano*, PVC, serie 2ª (1945), pp. 175-203.

sancións. A súa data infírese sen ningún xénero de dúbidas dunha pasaxe de Cicerón, onde pon en boca de Catón, que foi *suasor* da mesma Q. Fabio Máximo, catro anos despois da toma definitiva de Tarento —que tivo lugar no 546 *a. u. c.*— sendo cuestor por primeira vez o mesmo Catón e cónsules Cornelio Cetego e Sempronio Tuditano, consulado— que segundo Livio —debe ser datado no 505 *a. v. c.* Para Casavola, a cronoloxía que nos transmiten estas fontes e que tradicionalmente se lle asigna á *Lex Cincia* é correcta. No que atinxe ao contido, o plebiscito cincio determinou o *modus legitimus* das doazóns e a lista das persoas exceptuadas. Chegados a este punto das *personae exceptae*, non deixa de marabillarme, na miña condición de catedrático de Dereito Romano, que un autor, para o común dos lectores, moi afastado ao proceloso mundo xurídico romano, ao poñer en boca do escribán de Dorne que «os difuntos non dan esmola. Atéstase coa Lei romana *Lex Cincia de Donis et Muneribus*», está aludindo paladinamente a que a *exceptio legis Cinciae*, única defensa do doador, non pasa aos seus herdeiros. (*morte Cincia removetur*).

A prohibición formal comprendía *pecuniam donumve*. O termo *pecunia* incluía non só o diñeiro propiamente dito, senón tamén todas as cousas inmoebles ou mobles, corporais ou incorporais que forman parte do patrimonio. O donativo —*donum*— é propiamente o que se lle dá, sen ningunha necesidade xurídica *sed sponte praestantur quae si non praestentur, nulla reprehensio est. Et si praestentur plerumque laus inest*. Mais, a *Lex Cincia* só establecía unha sanción moral, por iso non era demasiado difícil eludir a prohibición no que respecta aos regalos. Non é estraño, polo tanto, que a medida legislativa esixise sucesivos reforzos e confirmacións. En dereito posclásico —unha vez morto o doador sen terse impugnado a doazón— o herdeiro, segundo confirma un *rescripto* de Caracalla, non pode xa aducir os preceptos cincianos, a *exceptio legis Cinciae* queda desvirtuada mediante unha *replicatio doli morte Cincia removetur* (F. V. 294, 312). A Lei Cincia rexe durante toda a época clásica. Co emperador Constancio Cloro comeza na lexislación tardoimperial o réxime de insinuación das doazóns que logo serve de base ao dereito xustiniano.

4. *LEX CORNELIA DE FALSIS*

Creo que aquí tiveron su orixen as gulas do bachiller Botelus, unindo en él o sentido do gusto ao placer do triunfo dialéctico, o sabor a pavo por exemplo, a la casuística de la *Lex Cornelia de falsis*, que dominaba¹¹.

Lei do ditador Lucio Cornelio Sila do ano 81 a. C., tamén coñecida como *Lex Cornelia testamentaria nummaria*, castigaba coa pena de morte aos que falsificaban, destruían, corrompían os selos dun testamento e aos falsificadores de moedas. A partir desta *lex de falsis*, a xurisprudencia e lexislación posteriores foron ampliando os supostos e aumentando as figuras de falsificacións. Un SC. Liboniano do 16 d. C. someteu ás penas da *Lex Cornelia* —a parte de declarar nulas as disposicións que o falseaban— aos que escribisen disposicións ao seu favor no testamento doutro. O SC. Mesaliano do 20 d. C. declarou *falsarii* a avogados e testemuñas que sabedores da súa inocencia acusaren a unha persoa dunha actuación criminal, ou os que declararen como certa un *partus suppositus* (falsidade que alteraba as normais traxectorias sucesorias). O SC. Liciniano do 27 aplicou as *poenae legis Corneliae* aos que reciprocamente se concitaban para axudarse con testemuños ou testamentos falsos. O SC. Geminiano do 29 incluíu como *falsarii* aos que aceptaren diñeiro para dar ou non dar testemuño, sabedores do falseamento da realidade ao subministrar probas para a falsa acusación dun inocente ou falsa proba de inocencia para un delincuente. Con razón, o bacharel Botelus alardeaba de dominar a complicada casuística desta *lex*.

5. *LEX AEBUTIA (DE FORMULIS)*

Sabía Botelus de corrido la *Lex Aebutia* y la *Antia Sumptuaria* (...), que trata de los gastos en banquetes y el bachiller enemigo confundía la *Lex Claudia* con la Celia de las deudas¹².

Hai outra *Lex Aebutia de Magistratibus Extraordinariis* que prohibía escoller para o cargo dunha maxistratura extraordinaria a quen propuxese a súa instau-

11 Á. Cunqueiro: *Vida y fuga de Fanto Fantini* (Barcelona, 1972), p. 128.

12 Á. Cunqueiro: *Vida y fuga*, cit., p. 128.

ración. Trátase dunha disposición moito menos importante que a *De Formulís* e, polo tanto, de improbable coñecemento *deseguido* polo bacharel larpón¹³.

Sobre o plano lexislativo, é a *Lex Aebutia* a que legalizou o novo proceso *per formulas*, típico da época clásica do Dereito romano, sen abolir formalmente as *legis actiones* que serían finalmente descartadas pola *Lex Julia Iudiciorum Privatorum* do 17 a. C. Pouco se sabe da *Lex Aebutia*, mesmo a data é incerta aínda Girard fixa unha cronoloxía entre os anos 140 e 130 a. C.¹⁴. A hipótese máis plausible é que entre a *Lex Aebutia* e a *Julia* poderían as partes, alternativamente, acollerse a un ou outro tipo de proceso —*legis actiones*— e procedemento formulario¹⁵.

6. *LEX ANTIA SUMPTUARIA*¹⁶

Do 71 a. C. é outra das leis limitadoras do luxo; fixaba a cantidade de diñeiro que podía gastarse nos banquetes. O autor, Antius Restio, é case con certeza o tribuno do 683/71 a. C. e a lei é verosimilmente dese ano, e ademais prohibe comidas durante o exercicio do seu cargo. Con todo, segundo Macrobio, a lei non foi observada.

Obviamente, a primeira prohibición lexislativa de gastarse máis aló de certa cantidade en banquetes coincide, *ad pedem literam*, co relato de Cunqueiro cando nos transmite que «Botelus sabía de corrido la [*lex*] *Antia Sumptuaria* que trata de los gastos en banquetes». Polo que afecta ao veto dos maxistrados para assistiren a comidas mentres se mantivesen no cargo, debemos poñer de manifesto que esa prohibición constitúe unha constante ao longo de todo o Antigo Réxime. Trátase dunha das medidas que o poder político arbitra para que os membros da xudicatura queden incontaminados dos influxos localistas. Para os gobernantes e tratadistas da época constituía unha necesidade política e un imperativo ético.

Segundo sinala Molas Ribalta: «La desvinculación entre el funcionario y la sociedad que administraba era piedra angular en todo estado absoluto¹⁷»; e engade

13 G. Rotondi: *Leges Publicae*, cit., p. 290.

14 P. F. Girard: «Nouvelles observations sur la date de la loi Aebutia», ZSS 29 (1908), p. 138 ss.

15 Cfr. N. Bellochi: *La genesi Della «litis contestatio» nel procedimento formulare* (Roma, 1979), pp. 561-564.

16 Á. Cunqueiro: loc. cit na n. 12. G. Rotondi: *Leges Publicae*, cit., p. 367.

17 P. Molas Ribalta: *Consejos y Audiencias durante el reinado de Felipe II* (Valladolid, 1984), p. 107 ss.

noutro lugar da mesma monografía: «las ideas del monarca apuntaban hacia un ideal de funcionario desarraigado de la sociedad concreta que debía administrar para asegurar la imparcialidad de la justicia». Este desarraigamento, esixido por imperativo legal, manifestábase dun modo especialmente preocupante no caso de Galicia, cuxa Audiencia era das menos apetecidas e máis evitadas. Afastada do polo de atracción madrileño, estaba sometida a un afastamento moi gravoso naqueles tempos, polo dificultoso do traslado e debido á súa exposición aos perigos dos ataques navais. Por iso posuía un Presidente militar, o que tamén era motivo para non desexar unha praza nela. Contrasta abertamente tal situación coa gran estima en que se ten á Audiencia de Sevilla, situada nunha cidade máis rica, viva e leda que A Coruña naqueles tempos¹⁸.

A vixilancia ao redor da vida social ía máis aló da simple fiscalización dos lazos matrimoniais. As leis fomentaban un *apartheid* social, prohibíndolles mesturarse coa poboación en festas e diversións ou mesmo impondo unha rigorosa abstención de visitas a personaxes da cidade que, por seu cargo político ou pola súa potencia económica puidesen, de ter litixio na Audiencia, poñer en cuestión a imparcialidade do seu labor xudicial¹⁹. Chegábase aos extremos de prohibir aos xuíces a asistencia a espectáculos teatrais, quizás por pensar que a falta de sobriedade que concurría neles puidera parecer frívola a figura do maxistrado, rebaixando a prestancia profesional. Con todo, debían ser aficionados ás comedias os Alcaldes Mayores de Galicia, pois nas resultas da visita de Muñoz son reprendidos por iren e, en forma de *Acuerdo*, ás representacións no convento de Santo Domingo²⁰. Tamén se prohibía a asistencia a vodas, bautizos e outras festas puramente familiares. Nesta orde de cousas, as Ordenanzas da Real Audiencia de Galicia establecían que «Los Alcaldes Mayores... no han de visitar a ningunas personas particulares ni asistir a entierros, bodas y bautismos»²¹.

18 L. Rodríguez Ennes: *Acotaciones histórico-jurídicas al Siglo de las Luces* (Madrid, 2010), p. 240.

19 L. Rodríguez Ennes: «Algunas precisiones en punto al histórico distanciamiento entre los órganos jurisdiccionales y la ciudadanía: la positiva experiencia anglosajona», en *Cuestiones actuales de la Jurisdicción en España* (Madrid, 2010, p. 134 ss.).

20 *Ordenanzas de la Real Audiencia de Galicia* (A Coruña, 1678), fol. 318, no sucesivo ORA.

21 ORA, 1, 1, 31.

7. *LEX CLAUDIA O CLODIA DE LAS DEUDAS*²²

En realidade, trátase da *Lex Claudia de Aere Alieno filiorum Familiarum*, probablemente un plebiscito do emperador Claudio que prohibiu prestar diñeiro aos *filiifamilias in mortem parentem*, é dicir, recuperable ao pasamento do *pater familias*. A *Lex* do 47 é mal coñecida e probablemente sancionaba cunha multa aos prestamistas. Constitúe un precedente do famoso SC. Macedoniano da época de Vespasiano, na medida en que tamén trata de protexer a vida do *pater familias* contra a espreita dos acredores do fillo que —angustiado polas débedas— mata ao seu pai para herdalo e poder pagar o que debe.

8. *LEX AEMILIA DE SUMPTIBUS ET LIBERTINORUM SUFFRAGIIS*

Teotiscos, Juez de Paros [...] Si lo pesca [a Ulises] lo cuelga con arreglo a la *Lex Aemilia de Sumptibus et Libertinorum Suffragiis* por exceso de guardarropa, y de acuerdo con la *Lex Antonia de Dictadura Perpetuum Tollenda* por las supuestas opiniones políticas²³.

Cunqueiro funde dúas *leges Aemiliae* nunha: a *Lex Aemilia de Sumptibus et Libertinorum Suffragiis* coa *Lex Aemilia Sumptuaria*. A primeira proposta polo cónsul Aemilius Scaurus. Do texto *de vir ill.* 72 parece confundirse coa *Lex Aemilia Sumptuaria*, pero as dúas teñen contidos diversos. Semella que acentuou a inferioridade dos libertos polo que atinxe ao dereito de voto. A segunda —a *Lex Aemilia Sumptuaria*—, ao igual que a xa analizada *Lex Antia* é unha das leis represivas do luxo (*leges sumptuariae*) que proliferaron durante a República. Esta *Lex Aemilia* do 115 a. C. fixaba a clase e medida dos alimentos que podían servirse nos banquetes (*ciborum genus et modum*). Parece probable que tal *lex* sexa a que Cunqueiro cita a propósito dos «excesos de gardarropa».

Foi moi mal visto pola *nobilitas* habituada ao luxo e M. Aemilius Lepidus Procinus solicitou pouco despois a súa abrogación e, por iso, élle atribuído erroneamente o cualificativo de *rogator* desta lei. Contemporáneo á mesma foi un edito

22 Á. Cunqueiro: loc. cit. na n. 12.

23 Á. Cunqueiro: *Las mocedades de Ulises*, (Barcelona, 1970), p. 305.

dos censores L. Caecilius Metellus Dalmaticus e Cn. Domitius Aenobardus ao redor do luxo e aos entretementos musicais exóticos.

9. *LEX ANTONIA DE DICTADURA IN PERPETUUM TOLLEND*

[...] y de acuerdo con la *Lex Antonia* [...] por las supuestas opiniones públicas²⁴.

Proposta por Marco Antonio no 44 a. C. cominou coa pena capital e a confiscación dos bens aos que propuxeren a instauración da ditadura ou a asumiren. Posiblemente, foi un van intento do famoso triunviro, porque nesta época de crise da República había outros medios como o *imperium proconsulare maius* que substituía con maior amplitude aos poderes limitados temporalmente propios da ditadura na época de maior esplendor da República, e que a partir de Sila foran reiteradamente conculcados. A cualificación de plebiscito na epístola *ad Octavianum*, atribuída a Cicerón (*M. Antonius prohibebat dictatorem creari plebiscito*), é argumento para reputala de espuria segundo Berns²⁵.

10. O DIGESTO

En una de estas lloreras [Botelus] se tiró por el suelo, golpeó con la cabeza la librería, comió rabioso cien páginas del Digesto y al final se quedó apampado²⁶.

O *Digesto* ou Pandectas é unha compilación de textos e extractos alterados e interpolados das obras dos xuristas antigos, mandada elaborar por Justiniano no 530 d. C. con algunha esaxeración, Xustiniano fai elevar a dous mil os libros dos antigos que foron postos a contribución para a empresa —cálculanse 1625—, algúns eran rarezas bibliográficas. En total, os compiladores analizaron máis de tres millóns de liñas que foron condensadas nunhas cento cincuenta mil. A amplitude dos materiais e a ambición do proxecto non impediu que a obra fose levada

24 Á. Cunqueiro: *Ibid.*

25 Cfr. «In Pseudociceronis epistola ad Octavianum», en *Commentarii Philologiae in honorem G. Curtii* (Leipzig, 1874), p. 177 ss.

26 Á. Cunqueiro: *Vida y fuga*, cit., p. 140.

a termo con inusitada rapidez; exactamente tres anos despois do nomeamento da comisión compiladora, o 16 de decembro de 553, era publicado. O feito de que unha obra tan xigantesca como o *Digesto* de Xustiniano puidese xurdir en tan corto lapso de tempo deu sempre pábulo a novas hipóteses. Pero até hoxe permanece inconvencible a tese de Bluhme, quen pensa nunha división do traballo á hora de elaborar o *Digesto*²⁷.

O *Digesto* consta de cincuenta libros, de medida bastante desigual, e os libros están divididos en títulos, cada un dos cales leva unha rúbrica indicadora de seu contido; dentro dos títulos, os fragmentos dos xuristas sucédense uns a outros nunha orde que non é sempre rigorosamente sistemática. Constitúe, sen dúbida, a obra máis importante da Historia do Dereito Romano. Non só é a fonte primordial para o Dereito xustiniano, senón que o noso coñecemento do Dereito clásico baséase —case exclusivamente— sobre el. Con razón apunta Latorre que «a historia do *Digesto* desde a súa publicación ata nosos días confirma o acerto de Justiniano. Ao *Digesto* aplícaselle de forma indiscutible a coñecida frase de que un libro vale, en definitiva, non polo que significa no seu tempo, senón polo que significa para a posteridade²⁸».

Non deixa de ser curioso que o Bachiller Botelus «quedase apampado» tras inxerir cen páxinas da famosa e extensa obra de Xustiniano; detéñome nesta pasaxe porque vén á miña memoria —e por iso o traio a colación— que Montesquieu denominaba á compilación xustiniana *L'Indigest* —«O Indigesto»— debido a que os seus intérpretes a converteran nunha zarangallada de normas farragosas e complicadas. En vista diso, semella como se existise unha sorte de telepatía entre o pai da moderna división de poderes e o escritor mindoniense.

El bachiller hizo un sueño muy triste. Disertaba ante el Claustro y Gremio de la Universidad en fiesta minerval en honor del Código de Eurico y de las leyes godas contra los judíos²⁹.

Eurico nace no 440 e principia unha política expansionista sen contar xa cun Imperio romano que vai derrubarse dous lustros despois. En relación con tal puxanza política, debe situarse a actividade lexisladora do monarca; neste senso,

27 Para un amplo desenvolvemento das teses bluhminiana, vid. A. Fernández de Buján: *Derecho Público Romana*, 7.^a ed. (Madrid, 2004), p. 186 ss.

28 A. Latorre: *Iniciación a la lectura del Digesto* (Barcelona, 1976), p. 156.

29 Á. Cunqueiro: *Vida y fuga*, cit., p. 142.

Eurico será logo mencionado por san Isidoro como o primeiro rei, baixo cuxo goberno, os godos comezaron a rexerse por leis e non por costumes³⁰. Este texto acostumaba interpretarse no senso de que Eurico foi, entre os visigodos, o primeiro rei lexislador. Tal corpo legal é coñecido, en parte, por un códice ou palimpsesto descuberto a mediados do século XVIII polos monxes parisienses de Saint Germain des Prés. Case un século despois, Bluhme procedeu a súa edición cun resultado non satisfactorio. Tras novas e máis críticas revisións, Zeumer publicouno en 1902 na colección de leis dos *Monumenta Germaniae Historica*. A edición de Zeumer foi considerada clásica até que no 1960, tras coidadosa lectura, D'Ors editou e reconstruíu o texto do palimpsesto, que traduciu para o castelán con amplos comentarios. Tal versión do Código é a comunmente aceptada no mundo científico de hoxe³¹. O texto baséase fundamentalmente no dereito romano. Números especialistas na materia, e entre eles boa parte dos españois, insisten neste romanismo do Código, obra que D'Ors considera un auténtico «monumento del derecho romano vulgar».

«As leis godas contra os xudeus» teñen a súa orixe nos concilios toledanos. A partir da conversión de Recaredo ao catolicismo (586-601), proclamada no III Concilio de Toledo, iniciáase a comunicación entre o Dereito canónico e o Dereito secular. O Dereito canónico que se formula nesta época a partir dos concilios posteriores ao terceiro non constitúe un ordenamento xurídico independente do ordenamento secular. As razóns desta situación son explicadas por Tomás y Valiente³²:

- a) A presenza como institución ponte entre a Hispania romana e o reino visigodo.
- b) A prepotencia alcanzada pola Igrexa sobre todo a partir do ano 589.
- c) O enorme prestixio cultural desenvolvido no século VII.
- d) A composición mixta, secular e laica dos concilios toledanos non propicia unha clara liña de separación entre os dous ordenamentos.

30 Isid., *Historia gothorum*, 35: *Sub hoc rege Gothi legum Instituta scriptis habere coeperunt, nam antea tantum moribus et consuetudine tenebantur.*

31 A. D'Ors: «La territorialidad del Derecho de los visigodos», en *Estudios Visigóticos*, I (Roma-Madrid, 1956), pp. 91-141.

32 F. Tomás y Valiente: *Manual de Historia del Derecho Español*, 2.^a ed. (Madrid, 1980), p. 110.

Unha valoración xeral dos Concilios visigodos permítennos esbozar unha perfecta colaboración entre a Igrexa e o Rei tan demostrada non só no seu elevado tecnicismo xurídico, senón tamén en que moitas das súas decisións teñen natureza xudicial. Así, os concilios redactan canons e decretos que reciben sanción real mediante unha *Lex in Confirmatione Concilii Edictae*, converténdose en verdadeiras leis. Noutras ocasións, o monarca diríxese ao Concilio cunha proposición ou *Tomus Regit* na que se solicita que se dea unha sanción espiritual á lei por el ditada. Con isto demostrase que os concilios toledanos son o máis acabado expoñente da compenetración entre as dúas potestades.

A lexislación canónica sobre os xudeus remonta as súas orixes á época de tránsito da antigüidade ao medievo. Da monumental obra de J. Vives, T. Martín e G. Martínez, *Concilios visigóticos e hispano-romanos* (Barcelona-Madrid, 1963), podemos extraer múltiples manifestacións das primeiras aparicións desta multisecular xenreira. Así, concretamente, o canon 1 do III Concilio de Toledo do 589 prohibe confiar aos xudeus cargos públicos e non lles permite ter escravos cristiáns e ama de cría que profesen igualmente a fe cristiá³³. O canon 64 do IV Concilio toledano do 633 sanciona que os xudeus non poden testificar contra os cristiáns e, por outra parte, o canon 9 do XII Concilio de Toledo do 681 impón aos xudeus o deber de observar o descanso dominical e os días festivos prescritos para os cristiáns. No ámbito tributario, os xudeus tamén sufriron un trato discriminatorio e tiveron que pagar un imposto especial. Probablemente, este gravame suplementario foi fixado de modo global para as comunidades hebreas, as cales recadarían de cada membro a cota correspondente. A situación chegou a ser en extremo vexatorio a fins do século VII cando o Concilio XVII acordou en Toledo a extinción desas comunidades e a redución a servidume dos seus compoñentes. Os bens dos xudeus foron adxudicados polo monarca a algúns dos seus antigos servos cristiáns, sempre e cando estes se subrogasen nas cargas financeiras dos primitivos donos. Tales medidas revelan, entre outras cousas, a importancia que deberon alcanzar os tributos dos xudeus coa Facenda visigótica. Ao carón destas normas de carácter restritivo para os xudeus, tamén as hai que non o son tanto, como o respecto e a defensa dos conversos, que non sexan bautizados á forza, que se toleren a fe e o culto hebreos, e que non sexan castigados sen xuízo previo.

33 J. Vives *et al.*: *Concilios visigóticos*, cit., p. 129.

Veun un crego novo a la Faouët e comezou a soliviantar á paisanaxe predicando un sermón *adversus publicanus*: publicano quedóulle a meu pai de mote³⁴.

A administración e xestión dos ingresos públicos na República romana e a fixación de impostos compete ao Senado, o cal autoriza aos censores a procederem ao arrendo (por un lustro, *lustrum*) dos bens públicos, así como á recadación dos impostos (os indirectos sobre todo) e a adxudicación en poxa (*sub-hasta*) de obras e subministracións. Os publicanos eran, polo tanto, aqueles contratistas públicos que obtiñan a cambio dun prezo a explotación de determinadas fontes de riqueza pertencentes ao pobo romano, isto é, os contratistas da explotación dos *vectigalia publica populi romani*, entre os que se incluían o cobro de impostos que gravaban determinadas manifestacións de riqueza como as vendas, as sucesións e o comercio. Pola regularidade, os *vectigalia* prestábanse a ser arrendados. En primeiro lugar, porque a súa explotación directa por parte do poder público fora imposible, por falta de medios e unha administración estable; tamén, porque o erario necesitaba de ingresos determinados, seguros e axustados ao valor dos recursos públicos, e a mercé do arrendamento reunía todas estas condicións: era unha cantidade determinada o que permitía limitar o destinado ao gasto público —moi especialmente ás obras públicas— en función do ingresado polos arrendos públicos; o cobro quedaba asegurado polas garantías dos arrendatarios e a libre concorrència á poxa servía ao interese público de arrendar estas fontes de riqueza ao menor prezo.

Entre os *vectigalia* poxados polos censores, ocupaban un lugar preferente a recadación de impostos como o das manumisións de escravos, os tributos aduaneiros ou *portoria*, ou os máis tarde creados por Augusto; con todo, hai que afirmar que o que se adxudicaba ao publicano era a posibilidade de esixir en beneficio propio determinadas cantidades ao contribuínte. Porén, a abraiante facilidade de xestión e a eficacia innegable do sistema de recadación acaban rifando coa falta de control da actividade de recadación, que dexenera en moitas ocasións en extorsións e extralimitacións dos publicanos. A estes abusos só poden poñer couto a decidida política de saneamento dos emperadores mediante a progresiva substitución do método indirecto de recadación polo directo (é dicir, mediante funcionarios públicos). Malia que con Tiberio desaparecen os contratos con publicanos para o cobro dos impostos, o contribuínte hispanogodo tivo que aturar non poucas

34 Á. Cunqueiro: *As Crónicas*, cit., p. 52.

corruptelas e abusos, derivados fundamentalmente do progresivo debilitamento do aparato estatal.

Na Baixa Idade Media subsiste a recadación por intermediarios, segundo prezo global fixado en poxa, obtendo o arrendatario o beneficio da diferenza entre ese prezo e a cantidade total —loxicamente maior— do que procedía recadar abríndose, polo tanto, a veda a todo tipo de exaccións fraudulentas.

Tres foron as características principais da Facenda do Antigo Réxime. En primeiro lugar, a súa diversidade por canto cada un dos antigos reinos mantivo un réxime propio. En segundo lugar, o recoñecemento —xunto co sistema fiscal ordinario— doutro singular e máis beneficioso para as clases sociais privilexiadas. Finalmente, a plétora de figuras impositivas, novas ou herdadas da época anterior que coexisten e se multiplican para facer fronte ás necesidades dun Estado hexemónico e por iso sometido a cuantiosos dispendios. A todo isto hai que engadir o protagonismo de Castela no sustento da monarquía, as secuelas del fluxo de metais a ultramar, e a configuración, en fin, do peculiar réxime financeiro das Indias.

Moitos contemporáneos incriminaban os impostos como causa do despoboamento e do desalento dos labradores, a clase máis numerosa entre a poboación de España. Segundo Uztáriz, agoniaban cun peso desproporcionado as provincias máis despoboadas³⁵. O concello de Tui (en 1759) e o concello da Coruña (en 1763) queixábanse da excesiva presión tributaria sobre o campo. O informe do marqués de Croix —á sazón Capitán Xeneral de Galicia— mostra como o éxodo cara ás cidades aumenta as cargas tributarias e outras que pesan sobre os agricultores.

Ao examinar o expediente da Lei Agraria, a «Sociedad de Amigos del País» de Madrid sinala o exceso de tributos e a súa forma de exacción como causas da decadencia da agricultura en España. Pero é frei Martín Sarmiento o que, coa súa áxil pluma, denuncia este desastroso sistema de recadación: «Algo creí yo de eso antes que quise averiguarlo. Al presente, estoy en el fijo dictamen de que esa causa es muy débil. No están gravados del Rey, sino de los infinitos intermedios, sacaliñas, sacramantas, sacatrapos y sacabocados que quieren ser reyes³⁶». Uns duros e

35 J. Uztáriz: *Teoría y práctica del comercio y marina*, reeditada en 1757.

36 Fr. M. Sarmiento: *Obra de Seiscientos Sesenta Pliegos que trata de historia Natural y de todo género de erudición con motivo de un papel que parece se había publicado por los Abogados de La Coruña contra los Foros y Tierras que poseen en Galicia los benedictinos*, Col. Dávila, Biblioteca Nacional, ms. 20. 392.

orixinais adxectivos que se corresponden coa estimación cuantitativa que presenta en referencia ás rendas provinciais:

Pago Galicia 20
Entraron en Cajas Reales 4
Luego estafaron 16³⁷.

De aí que trate de imaxinar un sistema impositivo máis sinxelo que evite este gravar os pobos coas ganancias dos recadadores. A esta multiseccular fraude de recadación dos publicanos alude sen ambages Cunqueiro coa súa maxistral forza descritiva:

Cando me vin apretado, subín taxa e doínme de non ter un retrato do meu pai [tamén publicano], para que vise que sabía seguirlle as mañas. Tales terras, tales nabos³⁸.

Pálido bajo el octogonal bonete rojo de los bachilleres *in utroque* por Osuna³⁹.

A partir do século XIII comeza a formarse un *utrumque ius* composto por un *ius canonicum* que representaba o espírito de todo o dereito e un *ius romanum* que comporta o corpo do mesmo; ambos os dous complementáanse e mutuamente préstanse autoridade e carácter sacro, un e outro dereito (*utrumque ius*) resultan para a época inseparables entre si. A actividade dos canonistas tivo unha certa influencia sobre o dereito civil, no senso de que os argumentos esgrimidos —así como as causas tratadas polos xuíces eclesiásticos— implicaban a miúdo cuestións de *forum externum*. Naqueles tempos, o dereito romano e o dereito canónico eran considerados como dúas ramas, distintas pero conexas da mesma orde xurídica, como o demostra a expresión *ius utrumque* e o título universitario de bacharel, licenciado ou doutor *in utroque iure* —en ambos os dous dereitos— ou simplemente *in utroque*. A confluencia do Dereito Canónico e o Dereito Romano é a circunstancia de maior nivel xurídico da cultura xurídica occidental, erixíronse nun dos feitos culturais e sociais máis importantes da historia da Europa baixo-medieval e moderna.

37 *Ibid.*, núm. 403.

38 Á. Cunqueiro: *As Crónicas*, cit., p. 53.

39 *Ibid.*, *Vida y fugas*, cit., p. 126.

Polo que fai ao *bonete vermello* dos bachareis *in utroque* que pomposamente lucía Botelus, hai que precisar que os titulados en ambos os dous dereitos ostentaban as dúas cores —vermello de leis e verde de canons— na súa borla⁴⁰.

A Universidade de Osuna, na que cursou, era unha das moitas pequenas universidades diocesanas que pululaban ao longo da nosa xeografía. Fundada en 1548, baixo os auspicios do duque de Osuna, non chegou a ter o recoñecemento real, senón tan só o pontificio. Entre as súas facultades figuraba a de canons e leis. Semella que tiña pouco prestixio, se facemos caso a Miguel de Cervantes, que escribiu en referencia ao seu nivel de ensinanza: «En Osuna e Orihuela todo cuela»; a mala fama non a inventou Cervantes. Tamén Torres de Villarroel, a mediados do século XVIII, escribía: «Graduóse entre gallos y medianoche y comprando borla incurrió en una simonía civil de las muchas que se cometen en la Corte, a donde vienen a recuas los mulos cargados de panzas de doctores, licenciados y bachilleres de las Universidades de Sigüenza, Osuna, Irache y otras de la propia harina»⁴¹.

Eu estivera posto de acólito, pola gramática francesa e latina e a *summula decretalis* por pago [...] visto o ben que lle daba ao latín dos decretos e que parecía eu disposto para orador en foro⁴².

No século IV —tras o edito de Milán do 312— comeza a desenvolverse un dereito da Igrexa, de modo que as tradicións canónicas se desenvolven dun xeito moi peculiar en cada territorio; por outro lado, os intentos de recompilación canónica non estaban exentos de certa parcialidade, aínda que a dificultade principal radicaba na falta dun *Corpus* histórico que servise de referencia para a composición dun texto de Dereito canónico. Ese labor de cimentación e de fixación dun texto canónico vai ser realizada na primeira metade do século XII por un monxe, Graciano de Chiusi, profeso dun mosteiro de Boloña, o cal se emprega no traballo de concordar canons discordantes (*concordia discordantium canonum*), ao obxecto de homoxeneizar o ordenamento xurídico eclesiástico.

A obra de Graciano coñécese coa denominación de *Decretum*, converténdose en corpo normativo da Igrexa, recollendo textos propiamente canónicos (escrituras,

40 A esta inveterada *consuetudo* académica, alude o artigo 15 do Real decreto do 6 de marzo de 1850 cando dispón: «Los graduados en dos o más Facultades podrán llevar en la borla los colores de las mismas». Máis información ao respecto en F. Ramos Fernández: *El protocolo universitario* (Vigo, 2007), p. 137 ss.

41 D. Torres de Villarroel: *Obras completas* (Madrid, 1794-1799), pp. 227-228.

42 Á. Cunqueiro: *As Crónicas*, cit., p. 53.

patrística, normas conciliares ou pontificias), xunto con textos laicos, medievais e romanos que en parte foran adaptados con fins canónicos nos séculos anteriores. Posteriormente, Gregorio IX encarga ao frade canonista dominico de orixe catalá Raimundo de Peñafort, logo canonizado e elevado á condición de patrón das facultades de dereito europeas, a realización dunha segunda obra, que constitúe un segundo *corpus canonicum*, que acolle decretais pontificios, canons conciliares, leis civís e algún texto sagrado anterior ao Decreto, e que se coñecerá como *Decretales*. A ela, seguramente, alude o personaxe de *As Crónicas*.

[...] e tanto que estudaba os dereitos dos señores condes, que sería doado probalos se non fora que houbera polo medio un bastardo e que ardera a sacristía de Ivry, onde estaba o libro coa partida⁴³.

O Rexistro civil é unha institución moderna. O seu precedente máis directo está nos Rexistros parroquiais que a Igrexa católica acostumou levar para consignar os bautismos, matrimonios e defuncións, sobre todo dende mediados do século XIV e principios do século XV. A Revolución francesa secularizou estes Rexistros, creando o moderno Rexistro civil a cargo de funcionarios do Estado. A situación de rexistro descrita por Cunqueiro é a correspondente ao *Ancien Régime* que é o período temporal no que se desenvolven *As crónicas do Sochantre*.

En [Lorena] rexe a lei de Boloña —apostillou sabido o escribano de Dorne— ven nos testos. *Lotharingia reget lege romana*⁴⁴.

Miña nai pensou que millor era levarme a Dinan a estudar a glosa boloñesa no Cabildo dos Apelantes⁴⁵.

Pleven, Jean. O escribano de Dorne. Sempre atestaba coa Lei romana⁴⁶.

A Escola de Boloña é un produto característico dos séculos XI e XII, pois con anterioridade a actividade cultural limitábase á conservación da tradición antiga e a auténtica creación era practicamente imposible. Tras a crise do milenio, as cidades do norte de Italia alcanzan un grao elevado de desenvolvemento económico e

43 *Ibid.*: p. 55.

44 Á. Cunqueiro: *As crónicas*, cit., p. 37.

45 *Ibid.*, p. 53.

46 *Ibid.*, p. 155.

social. O interese polos progresos técnicos, así como polos métodos administrativos e a resolución dos problemas xurídicos propios dunha sociedade máis aberta, era típico da época. Neste contexto, o espírito crítico e o gusto pola investigación desenvólvense rapidamente.

Así mesmo, a nova ciencia do Dereito fúndase no redescubrimento do *Digesto* e no estudo dos seus textos na Universidade de Boloña, primeiro, e no resto de Europa moi rapidamente. A difusión da ciencia xurídica romanística vaise ver facilitada sobre maneira polo emprego do latín como lingua culta. A primeira análise do *Digesto* consistía en realizar aclaracións ou explicacións dos seus textos, de aí a denominación de *glosadores* ou ben á marxe ou ben entre liñas do propio parágrafo: glosas marxinais ou interlineais.

A multiplicidade de glosas e comentarios ao longo de varios séculos levou a unha animadversión contra o mundo xurídico romano especialmente acerba no século XVIII⁴⁷. É na centuria das luces cando se toma conciencia clara de que os tesouros da interpretación xurídica se volvera unha gran carga para os xuristas. Os libros dos intérpretes son áridos, dificultosos de ler; as glosas ou os tratados sobre unha materia —na que se entrelazaron outras moitas—, as decisións ou consellos explican escuramente as cousas e introducen non poucos erros pola variedade de opinións que traen; outros inclúen grandes listas de doutores para aumentar a confusión...

É un mundo extensísimo, lamacento e complicado⁴⁸. Poderíanse multiplicar os textos dos autores do XVIII que expresan duras críticas á presenza e forza da *ley romana*. Simplemente, abonda con traer a colación o que a este respecto denuncia o noso frei Martín Sarmiento. Coa súa causticidade habitual, condena abertamente a fundación do Colexio de Boloña, porque saen xuristas que volven a España «no a ser maestros, sino a gozar de pingües beneficios»⁴⁹, e engade: «No ay en España derecho divino, natural y patrio? ¿Cómo, pues, podrán faltar iurisperitos?»⁵⁰, concluíndo: «los comentadores españoles de leyes extrañas pudieron haberlo excu-

47 J. L. Peset Reig: «Derecho romano y derecho real en las universidades del siglo XVIII», *AHDE* 45 (1975), p. 278 ss.

48 F. M. Sarmiento: *Obra de Seiscientos Sesenta Pliegos*, cit., fol. 242.

49 *Ibid.*, fol. 255.

50 *Ibid.*, fol. 256.

sado y se debían emplear en comentar nuestras leyes patrias, utilizando los materiales que ay en los concilios, en las leyes antiguas y en los Fueros municipales».

[Botelus] soñaba laureles y se despertaba campeón invencible, recitando a Bártolo⁵¹.

Bettobaldo dei Bettobaldi, glosador boloñés que inventó una lex romana por la cual en habiendo gemelos, el último salido a la luz era el primogénito. Se descubrió el invento y tuvo que huir a Venecia, que los otros glosadores querían matarlo por descrédito⁵².

Os xuristas italianos dos séculos XIV e XV foron os verdadeiros fundadores da xurisprudencia continental, a saber, da ciencia do dereito que ten por obxecto as técnicas que permiten resolver os casos prácticos. Os historiadores désígnanos baixo denominacións variadas segundo se refiran ao seu método —comentaristas— ou o lugar que ocupan na historia —posglosadores—. Entre todos eles destacan moi especialmente Bártolo e Baldo. A eles refírese Cunqueiro nas pasaxes antes citadas.

Bártolo naceu en 1314, e tras estudar en Perugia con Cino de Pistoia, aos vinte anos xa se doutorara xa en Boloña, onde foi discípulo de Jacobo Butrigario e Rainerio de Forlì; entre 1334 e 1339 foi xuíz en Todi e Pisa, posteriormente dedicouse por enteiro ao ensino. Profesa en Pisa e en Perugia, onde morreu en 1357. Aínda que só chegou a vivir corenta e tres anos, a súa produción foi extraordinaria, plasmada nos seus *Commentaria Iuris Civilis* e en numerosos tratados sobre cuestións específicas, obras nas cales fixo moitas achegas, tanto no campo do Dereito privado como no público. A pesar de non ser absolutamente orixinal —gran parte da obra consistiu na cita e asimilación de autores anteriores— sempre tivo unha desconcertante capacidade para atopar solucións xurídicas aos problemas máis difíciles e dar pautas seguras de interpretación dos textos; isto deulle fama universal e fixo da súa obra uns instrumento amplisimamente estendido até o punto de que o seu prestixio fixo que se divulgase a máxima «*nemo bonus iurista nisi bartolista*»⁵³.

O máis distinguido dos discípulos de Bártolo foi Baldo da Ubaldi (Baldo degli Ubaldi), do que a personaxe de Cunqueiro «Bettobaldo del Bettobaldi» constitúe unha clara copia. Profesor en Perugia, Boloña, Pisa, Florencia e Pavia. Xuris-

51 Á. Cunqueiro: *Vida y fugas*, cit., p. 130.

52 *Ibid.*, p. 164.

53 M. J. García Garrido s. v. «Bártolo de Sassoferato», en *Juristas Universales*, I, *Juristas medievales* (Madrid, 2004), p. 524 ss.

ta enciclopédico (civilista, canonista e feudalista) e de temperamento filosófico (como o *philosophatus* era coñecido entre os xuristas). Tivo, tamén, unha maior adicación á práctica que o seu mestre, o que se plasma nos seus *consilia*, onde se ben non se mostra tan exhaustivo como Bártolo, si desprega a miúdo maior precisión técnica e imaxinación innovadora. Morreu en Pavía con máis de setenta anos e foi soterrado nun artístico mausoleo da igrexa de san Francisco: no epitafio é denominado como *princeps doctorum*. A Bártolo e a Baldo dedica Frei Martín Sarmiento a súa cáustica crítica acusándoos de fomentadores do caos existente na normativa da España do seu tempo.

Un dos temas máis recorrentes do xenial mindoniense está representado polas referencias que contén a súa narrativa, polo que atinxe á manía por preitear dos nosos paisanos e da venalidade existente no ámbito da xustiza. Do moi amplo abano de textos de Cunqueiro extraeremos, para solaz do lector, unha mostra significativa:

–É un can que soio ladra á parte contraria!

Si Somoza andaba correndo cos pleitos dalgún veciño e chegaba alguén de consulta, e o can ladraba, era que o visitante viña, mañoso, a enredar no asunto. O can daba os testigos favorables, e os contrarios ou falsos. Nunca fallaba⁵⁴.

–Non te fíes do teu abogado!, díxolle dende un chanto un corvo a Penedo, quen andaba sementando.

E precisamente Penedo desconfiaba do seu abogado, que lle parecía que parrafeaba algo coa parte contraria. Penedo rañóuse a cabeza.

–E do xuez?, preguntóulle ao corvo.

O corvo batéu azas, pro non se non movéu do chanto. Coa súa voz agría comentóu:

–Hai xamós que volven un pleito!⁵⁵.

Nos derradeiros anos da súa vida, Mel retirouse da medicina e adicouse aos preitos. Tivo moitos e perdeu os máis. Tomou afición a andar polos despachos dos avogados. Inventaba servidumes, herdanzas, interditos, só por discutir cos letrados, que dificultosamente se abrían paso na selva creada pola matinação preiteante de Mel de Vincios. Din que regresaba a Oscos sorrindo.

54 Á. Cunqueiro: *Xente de aquí e de acolá* (Vigo, Galaxia, 1971), pp. 14-15.

55 *Ibid.*, p. 26.

Deixo ao notario Cuervo de Ribadeo sin sono pra un mes!, comentaba⁵⁶.

Grande pleiteante, soñador de de interditos, pasou toda a súa vida de abogado en abogado, deixou a labranza e gastou o capital propio e boa parte do da muller, e cando se finou estaba no xuzgado percurando a nulidade do testamento dun irmán solteiro [...]. Un día adoeceu Figueiras, e foise nunhas horas, nas que tivo poucos intres lúcidos, o máis do tempo pasado en delirar, recitando sentencias contrarias que recibira ao longo da súa vida litigante, e que as sabía de corrido. Nun respiro daquela febre súpeta [...], pediulle á muller que lle metese na caixa, [...] un Código Civil que tiña, e que fora dun escribano de Bretoña, e un parecer dun abogado da Cruña sober da susodita nulidade do testamento do irmán.

–Ti sigue co pleito, Gumersinda miña, que eu che mandaréi algún sopro dende onde esteña!

[...] E tivo sorte Figueiras, que a Gumersinda antes de metelo na caixa, envolvéuno nun xornal que traguía as bases pra a codificación do Dereito Foral Galego⁵⁷.

Viñan a Dorne a por un pleito ao coronel de Sauvage, por ver quen deles tiña dereito a cachear un tesouro no Castelo de Flers⁵⁸.

Na mentres que non remate no Parlamento de Ruán⁵⁹ o pleito do tesouro, no que tanto eu embarulléi, argüín e testéi, e faltan aínda outra vista e unha pericia selada, co que se tardará un ano comprido⁶⁰.

[...] para propalar que houbera o que o señor xuíz de Abadín chama retrato de colindantes⁶¹.

Así as cousas, cómpre preguntarnos onde radica a orixe deste antigo costume galaico de comezar continuos preitos, as máis das veces por fútiles motivos ou absolutas nimiedades. Para Henrique Monteagudo⁶² —representante dun sentir que goza de moito predicamento ante o galeguismo cultural— isto é consecuencia dun aparato xudicial reputado como completamente alleo e dunha lexislación

56 *Ibid.*, p. 36.

57 *Ibid.*, pp. 49-51.

58 Á. Cunqueiro: *As Crónicas*, cit., p. 55.

59 A denominación *parlamento* está moi ben precisada por Cunqueiro, porque na Francia do *Ancien Régime* os parlamentos eran o órgano equivalente ás nosas audiencias.

60 Á. Cunqueiro: *As crónicas*, cit., p. 57.

61 *Ibid.*, *Merlín e familia* (Barcelona, 2003), p. 142.

62 H. Monteagudo: «As leis, as letras e a lingua galega. Breve ollada retrospectiva» en *Contos da xustiza* (Vigo, 1991), p. 10.

inadaptada á nosa realidade. Desde un punto de vista positivo —engade— «tamén podería verse o carácter preiteante dos nosos paisanos coa manifestación dun arraizado carácter civilizado, que procura solucionar os conflitos por vías pacíficas e legais antes ca pola forza bruta».

Na miña opinión, as raíces deste tópic —xa canónico— non se enterran no feito de que as institucións xudiciais non sexan autóctonas ou non respondan ás peculiaridades xurídicas do país, senón, polo contrario, ao caos xurisdiccional existente na sociedade estamental do Antigo Réxime, na que os privilexios inherentes a cada grupo non poden por menos que manifestarse e, de feito se exteriorizan con xenerosidade no ámbito xudicial. Ninguén mellor que Otero Pedrayo para resumir o galimatías existente: «a cuchimilla e variedade de xustizas locais e xurisdiccións é difizile de sintetizare. Chega a nós case sen variación dende o Antigo Réxime deica hoxe⁶³». Con todo, para os grupos que exercían o poder local, únicos beneficiarios do sistema, non existía tal caos e a situación era perfectamente racional. Isto explica a frontal oposición do absolutismo —primeiro— e carlistas —despois— tanto á supresión das xurisdiccións señoriais como á nova división administrativa e provincial.

O xa aludido caos xurisdiccional era un inacabable sementeiro de enfrontamentos entre xuíces limítrofes por nimias cuestións de competencia territorial e tamén de friccións debido a esta increíble proliferación de foros territoriais. A enguedellada rede de xurisdiccións particulares que cruzaban o reino de parte a parte, acrecentado polo afán preiteante da época, daba lugar a unha serie inacabable de litixios de todo tipo nos estados señoriais: posesión de bens, beneficios, dereitos sobre montes e bosques, nomeamento e exercicio de cargos de xustiza, renda e dereitos e outra serie de asuntos... Un dos máis frecuentes motivos de queixa tanto dos pobos como dos ilustrados era a pésima calidade da xustiza señorial, extraordinariamente preponderante na Galicia do Antigo Réxime. En moitas críticas, vertidas contra o sistema señorial, afirmábase que os xuíces nomeados polos señores eran labradores pobres, analfabetos, simples *criados* dos que o designara que impartían xustiza *pro domo sua*. Abondaron, pois, nos señoríos xurisdiccionais os tipos de xuíz iletrado e de alcalde *de monterilla*⁶⁴.

63 R. Otero Pedrayo: «Institucións xurídicas e administrativas na Galicia do XVIII», *Grial* 25 (1969), p. 280.

64 *Ibid.*, p. 285.

O feito de que os ingresos dos xuíces ordinarios e escribáns de número dependesen do volume de expedientes de preitos, autos e partillas está na orixe de acusacións segundo as cales tanto uns como outros se adicaban a fomentar litixios para apropiarse do magro patrimonio dos veciños. Estes cargos non recibían remuneración salarial do señorío, de aí que os seus ingresos proviñan fundamentalmente, aínda non en exclusividade, do obtido polo labor xudicial. Por todas estas razóns, os nosos paisanos preferían someter os seus asuntos á competencia da Real Audiencia de Galicia, con sede na Coruña, único órgano xurisdiccional non sometido ás presións locais, que podía recibir as apelacións dos fallos da xustiza señorial e mesmo amparar os campesiños que se subtraían á prisión dos concelleiros para levar as queixas ante os oidores que formaban a *fonte limpa*. Competía, en suma, a tales oidores controlaren o exercicio da xustiza señorial por parte da Coroa. Labor que —agás raras excepcións— realizaron con escrupulosidade e independencia como nos dá testemuño Otero Pedrayo, sen que, en modo algún, constituía óbice nin atranco o puro dato estatístico de que os maxistrados procedesen maioritariamente de territorios foráneos.

A segunda explicación a este litixio endémico emana da extremada fragmentación das terras de labor xa denunciada polos pensadores da Ilustración, aínda hoxe subsistente. «Bens divididos, bens perdidos» di un refrán. Se as explotacións son pequenas e as parcelas mínimas e moi diseminadas, unha ulterior división da herdanza entre os irmáns conduce a resultados economicamente irracionais⁶⁵ e un sen fin de preitos emanados tanto da titularidade patrimonial como das relacións de veciñanza: interditos, servidumes... Situacións conflitivas e enleadas que distan moito de clarificarse nos nosos días. Con razón apunta Domínguez Ortiz que «de ellas se nutrían una multitud de abogados y escribanos, y ellas han dado al gallego su fama de pleiteísta⁶⁶». O recurso ao litixio xudicial é, pois, algo estrutural que forma parte constitutiva da nosa idiosincrasia.

65 A alma en pena de Fiz de Cotobelo explica, ao bandoleiro Fendetestas, os efectos do repartimento da herdanza entre seus irmáns nestes termos: «Un prado les quedó tan repartido, que si una vaca iba a pacer en él, no podía comer la hierba propia sin tener las patas traseras en la propiedad de otro hermano y los cuernos proyectando su sombra en la de un tercero» (W. Fernández Flórez: *El bosque animado* [Zaragoza, 1943], pp. 53-54).

66 A. Domínguez Ortiz: *Sociedad y Estado en el siglo XVIII español* (Barcelona, 1988), p. 135.

Tendo á vista todo o exposto, podemos concluír que os máxicos dons de invención e fantasía que Cunqueiro prodigou non significaron falta de rigor formativo nin diletantismo nun mundo tan especializado como o xurídico; abonda con cotexar *As crónicas do Sochantre* ou a *Vida e fuga de Fanto Fantini* para comprobar —tal como fixemos— con que precisión e oportunidade cita as leis romanas, a glosa boloñesa, as decretais canónicas, os dereitos señoriais ou complexas institucións hereditarias... A todo isto debe unirse que —aínda que mestre da fabulación— o escritor coñecía tamén, vivía, gozaba con naturalidade do mundo real do seu arredor. Sabía por contacto directo dos que se movían nel: labregos, emigrantes, propietarios, cregos, xuíces, avogados, notarios... ou sexa, xentes vivas; de aí que a mirada ao campo xurídico que nos transmite en innumerables páxinas sexa un dereito vívido e afastado da ríspeta prosa académica propia do «dereito de profesores» tan distante da realidade cotiá. Con todo, isto revela o desexo, mesmo a súa paixón por influír na realidade escribindo numerosas páxinas nas que se manifesta a súa visión do Dereito.

No variadísimo *corpus* de Cunqueiro, que comprende todos os xéneros literarios, ponse de manifesto un universo de institucións xurídicas de todo tempo e lugar: dende os *tabelliones* da Antigüidade clásica aos escribáns do Antigo Réxime e aos notarios contemporáneos. É asombroso o seu dominio dos latinismos propios dunha linguaxe tan especializada como a xurídica, o dereito romano, o ordenamento xurídico canónico, o «droit coutumier francés», o dereito franco, o dereito feudal, oficios e beneficios eclesiásticos, dispensas de sacramentos, xurisdicións territoriais, os diversos dereitos hispánicos, cartas de poboación, dereito penal e procesual, as moitas sutilezas xurídicas urdidas polos peritos *in utroque iure*, a mellora, os testamentos... En suma, Álvaro Cunqueiro pronúnciase con palabras proféticas sobre problemas concretos para o futuro de Galicia, problemas dos que denunciou as súas orixes e analizou con nítida claridade e que aínda hoxe distan moito de solucionarse.